

Ferreiro e Anido proclámanse campións de España en Melide

Eran os claros favoritos e non defraudaron. Jesús Ferreiro e Javier Anido fixéronse coa vitoria no IV Rali de Galicia e conseguiron sumar os puntos necesarios para converterse en campións de España de Vehículos Históricos. É a segunda vez que o título nacional queda en Melide. Xa co éxito asimilado, Ferreiro e Anido repasan en Cerne o seu paso polo campionato e analizan o futuro e o presente do Rali de Galicia, que eles crearon. P8



FOTO: QUIÑÓY

EMPRESA

Convenio de colaboración entre Asetem e Gesproga a prol dos socios P3

COMARCA

Rede Natura: Toques solicita que se rebaixen os niveis de protección P14

CULTURA

O "Festival de la Luz" deixa bo sabor de boca e promete nova edición P20

ENTREVISTA



Alberto Mejuto, "El Mundo del Pintor" P23

155.000 € para a piscina, que non abrirá ata o 2013




FOTO: C.M.

A obra é para o goberno local "unha prioridade". Será custeada coa achega do Plan DTC94 da Deputación e afectará á carpintería, fontanería e climatización. P19

O río Catasol recupérase e agarda a tempada de pesca



Despois de case 5 anos pechado por mor de vertidos de alcatrán e purín, a Asociación de Troiteiros pide que o río se abra de novo á práctica da pesca. P20



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Non perdamos o último tren

Unha das máis vellas reivindicacións do sector gandeiro galego fíxose realidade o pasado 3 de outubro coa implantación do contrato obrigatorio entre produtores e industria para a venda do leite. O que se perfilaba como unha ferramenta idónea para sacar as explotacións da penuria económica, chega cunha forte polémica e o risco de que finalmente sexa papel mollado e non sirva para a fin coa que foi creado: rematar cun estado de abuso no que o gandeiro sempre era o perdedor.

O contrato do leite, tal e como está concibido, non convence aos sindicatos agrarios, que tanto loitaron por conseguilo. Piden que se inclúa a figura dun mediador para que defenda ao produtor fronte á industria á hora de fixar os prezos. Piden tamén un prezo mínimo por debaixo do cal non se poidan pechar contratos e solicitan unha moratoria na aplicación para que os gandeiros se asocien e así fagan máis forza á hora de negociar. Din, en definitiva, que asinar un contrato nas condicións actuais de prezos é o mesmo ca asinar a ruína.

A administración galega ve nestas queixas e nas manifestacións convocadas un ataque ao sector primario. A Conselleira do Medio Rural, Rosa Quintana, aproveitou a súa recente visita a Melide



para pedir “sentido común” e acusou aos sindicatos de xogar coa xente ao tempo que se gabou de “ter impulsado en 8 meses o que non impulsaron outros gobernos en 8 anos”.

Entre estas dúas forzas confrontadas atópanse os gandeiros; os que moxen as vacas todos os días, os que fan os silos e pagan o penso, os que están coa auga ao pescozo. Os verdadeiros implicados, os que gardan o desenlace dun episodio que aínda ninguén sabe como rematará. O presidente da Cooperativa Melisanto, Pablo Costoya, non dubida da utilidade dos contratos obrigatorios pero ve necesario “artellar algún complemento”. Neste compás de espera no que ningún produtor sabe moi ben o que debe facer, reclama implicación

e compromiso para que os termos dos contratos sexan claros e queden ben fixados.

Certamente, o ansiado contrato do leite nace entre fortes tensións. Quizais o momento, que é un momento de campaña electoral, non fose o mellor. Quizais por iso ás veces dá a sensación de que hai máis intereses que os dos gandeiros propiamente ditos. En todo caso, sería unha grande mágoa deixar pasar a oportunidade de facer progresar e mesmo dignificar un sector económico coma o gandeiro que sempre foi sustento de moitas familias, especialmente na comarca. Agora que atravesamos un momento agónico, o diálogo, o entendemento e unha aposta sincera son as únicas vías de saída. Non nos podemos permitir perder o último tren.

Tribuna de opinión

Defraudados

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Os teóricos denomínanos emprego sumerxido e cualifícanos como fraude. A xente chámalle chapuzas cobradas en negro e críticaas ou é cómplice delas. Son sinónimos en todo caso dunha práctica cada vez máis estendida e que afecta de xeito especial ao sector da construción, co que a crise foi implacable. No momento actual, cunha taxa de paro das máis altas da historia, moitas persoas desempregadas bótanse a traballar facendo obras de pequena envergadura ou arranxos domésticos sen pagar as correspondentes cotas de autónomos. Moitas, incluso, compaxinan tan ilícita actividade co cobro de prestacións públicas.

Poida que a necesidade aperte pero a fin non xustifica os medios, sobre todo cando

este tipo de prácticas prexudican enormemente a quen fai un grande esforzo para pagar os seus impostos rigorosamente contribuíndo con iso a soste os cimentos do país.

Defendemos a legalidade e a responsabilidade como cidadáns por enriba de todo pero reclamamos tamén políticas enfocadas a evitar que a crise siga sendo un combustible eficaz para a propagación da economía sumerxida. Porque non se trata tanto de sinalar a persoas concretas como de poñer en tea de xuízo unha xestión que derivou nesta triste realidade; a realidade de quen non ten onde gañar a vida e opta pola clandestinidade. Control férreo e emprego estable son as mellores armas para acabar con esta situación inxusta para todos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	8
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Convenio de colaboración entre Asetem e Gesproga en beneficio dos socios

En tempos nos que calquera pequeno aforro é de vital importancia para empresas e comercios, Asetem-Cca está a traballar na busca de fórmulas e alternativas a través das cales os socios poidan optimizar recursos e manter unhas contas saneadas. Con ese obxectivo, a patronal melidense vén de asinar un convenio de colaboración con Gesproga, unha empresa de consultoría telefónica, que lles brindará aos asociados a posibilidade de reducir sensiblemente a factura de teléfono e internet.

O acordo foi asinado o pasado 27 de setembro na sede de Asetem-Cca estando presentes Daniel Gómez, representante de Gesproga, e Sonia Valiño, presidenta da patronal. Durante un ano ámbalas dúas entidades colaborarán estreitamente “para que todos os negocios que

forman esta asociación teñan ao seu alcance unha alternativa de aforro e decidan libremente acollerse a ela se é do seu interese”, sinalou Valiño trala firma do convenio.

Aforro de ata o 50%

O servizo de Gesproga, que visitará os comercios asociados nos próximos meses, consiste en analizar as facturas de teléfono para logo optimizalas. Iso conséguese axustando as tarifas do cliente aos seus hábitos de consumo e horarios, contratando outras novas se é necesario, buscando as mellores ofertas das operadoras, dando de baixa servizos que non se usan, reclamando erros e cobros indebidos e facendo un seguimento da factura. Medidas que farán, segundo indicou Daniel Gómez, “que o cliente non sexa enganado nin pague un céntimo demais”.

Xa está á venda a lotería de Nadal de Asetem-Cca



A Asociación de Empresarios Terra de Melide repartirá sorte por toda a comarca. Despois de case vinte anos de paréntese, Asetem-Cca retomou a tradición de vender lotería de Nadal. O número escollido para o sorteo do próximo 22 de decembro é o 77.533, que se distribuirá en participacións de 11 euros cada unha. Xa están á venda tanto nas oficinas de Asetem como nos comercios, locais de hostalería e empresas asociadas que decidiron distribuílas. A directiva da Asociación agradece a súa colaboración e desexa sorte para todos os clientes que as merquen.

“Aforra co Bono Asetem” reparte outros 150 vales-desconto

A patronal melidense segue adiante coa campaña “Aforra co Bono Asetem” e repartirá de novo este mes a través do xornal Cerne outros 150 vales-desconto. Os lectores que teñan a sorte de atopalo entre as páxinas deste periódico poderanse beneficiar dunha rebaixa de 6 euros cando realicen unha compra superior a 30 en calquera negocio asociado (a listaxe de establecementos pódese consultar na páxina 5). O Bono Asetem terá validez ata o 31 de novembro. Para obter o desconto abundará con presentar o vale no momento de mercar.

Formando expertas en salvar vidas



Daniel Gómez (Gesproga) e Sonia Valiño (Asetem-Cca)

Preto de vinte persoas participaron no curso de primeiros auxilios que a Confederación de Empresarios da Coruña organizou en Melide en colaboración con Asetem. Durante toda unha tarde, alumnas e alumnos aprenderon os pasos que hai que dar en caso de atoparse cun accidente laboral, doméstico ou de tráfico. Tamén recibiron nocións básicas para saber reaccionar na peor das situacións e, botando man dun boneco de goma, realizaron prácticas de reanimación cardio-pulmonar. Ademais, aprenderon como tratar fracturas, cortes e queimaduras.



Dúas alumnas facendo prácticas de reanimación cardio-pulmonar

Villamor.s.c
www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo
gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 818 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/ Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES

hasta el

**TU SEGURO DE VIDA, HOGAR
Y ACCIDENTES**

A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

25%
descuento

EMPRENDEDORES EN MELIDE

RUTH GALLEGO GONZÁLEZ, "SISUKA"

"Montar un comercio de roupa era a ilusión da miña vida desde pequena"

Percíbese na conversa que Ruth Gallego ten esa virtude chamada don de xentes e a iniciativa demostrada de ser unha emprendedora que aposta por Melide. É unha combinación perfecta para que Sisuka, a súa tenda da Rúa Taboada Roca, se converta nun comercio de visita ineludible para quen queira vestir ben a prezo económico. Gran variedade de roupa actual, para mozo e moza, zapatos e complementos de toda clase compoñen a oferta desta nova tenda da vila.

-Non se pode dicir que non pensase un nome orixinal para a súa tenda...

-Pois a verdade é que o tiven que pensar moito, porque foi o que máis dores de cabeza me deu. De feito faltaba só unha semana para abrir e aínda non sabía como lle ía chamar. Ao final internet botoume unha man. Empecei a buscar e apareceu Sisuka. É un nome que me fixo moita graza cando saíu nos debuxos animados de Doramon e ademais significa beleza e calma. Polo tanto, o nome vén a dicir que esta é unha tenda na que se debe

entrar con calma porque hai moitas cousas bonitas.

-Por que decidiu montar un negocio nesta época de crise?

-O difícil é saír adiante cando as cousas van mal. Se abres unha tenda en momentos complicados e consegues que funcione, unha vez que o panorama mellora xa tes unha garantía. Ademais levaba dende os 16 anos de camareira e necesitaba un cambio.

-O comercio de roupa é un mundo novo para vostede?

-Para nada. Estiven en Blanco, en Pull&Bear, en Orchestra e fun encargada de Benetton en Ourense. Aquí en Melide tamén traballei unha tempada con outra socia.

-Sisuka non está en pleno centro da vila. Iso pode restar clientes?

-Eu prefería poñela no centro porque evidentemente pasa moita máis xente, hai máis posibilidades de vender e tamén te coñecen antes. Pero a verdade é que alí os prezos eran moi caros para min. Eu prefiro montar un negocio e saber que



Ruth Gallego no interior da súa tenda

vou poder pagar o aluguer e non estar no centro e ter que poñer a roupa moito máis cara para poder sacar uns beneficios. Estamos a dous pasos do centro e aínda que o cliente teña que vir aquí adrede compénsalle porque a roupa está a uns prezos moi económicos.

-Está ilusionada na súa nova andaina?

-Si, moito. Estou moi contenta porque fago o que me gusta. Montar un comercio de roupa era a ilusión da miña vida, desde que era pequena. Pensei que nunca o ía conseguir e aquí estou, loitando!



“AFORRA CO BONO ASETEM” - DIRECTORIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981 50 79 78
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981 50 73 00

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981 50 55 04
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Eypar, S.A.
Madanela
981 50 72 03
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981 50 64 73
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981 50 52 51
Bambi
Rosaleda, 5
981 50 75 36
Berencello
Rúa do Convento, 2
661 81 59 76
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 50 04
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981 50 59 16
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981 50 61 42
Cooperativa
Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Cousas Novas
Rúa do convento, 30
981 50 74 74
Cristalería González
Agüeiros, 44
981 50 70 16
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615 36 00 89
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981 50 71 71
El Baúl de la Piquer
Rúa Progreso, 1
981 50 70 65
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981 50 59 51
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981 50 78 55
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981 50 58 76
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
H2O
Alexandre Bóveda, 10
981 50 75 78
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981 50 78 06
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981 50 59 97
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981 50 63 58
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981 80 80 09
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mís mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981 50 73 77
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados Abel
Camiño de Ovedo, 16
609 82 30 79
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981 19 34 94
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981 50 71 74
Toanma
Rúa San Juan, 1 - Baixo
981 50 74 93
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981 50 79 54
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627 24 00 11
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Xtempora
Rúa Moa, 1
981 50 52 27
Zapateria Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981 50 57 93

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86

Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981 80 44 04
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981 50 71 76
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981 50 60 51
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981 50 58 59
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981 50 70 89
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988 33 52 94
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981 50 55 92
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981 50 04 51
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

A Boa Viña
Praza da Herba, 10
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55

Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981 50 79 01
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981 50 53 46
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981 50 78 53
Cafetería Stop
Rúa da Catedral, 1
Esquina San Antonio
Casa Quinzán
Rúa do Convento, 7
981 50 53 25
Cervexería Godiva
Ichoas, 7
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
Novo Continente
Luis Seoane, 8
981 50 61 82
O sapo Lambón
Taboada Roca
881 95 98 49
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pensión Xaneiro
San Pedro, 22
981 50 50 15
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981 50 79 06
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981 50 75 10
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981 50 55 87

SERVIZOS

Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Clínica Dental Ana
Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981 81 53 30
Peluquería
Gómez Andón
Álvarez Carballido, 1
981 50 75 39

Perruquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650 43 63 75
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982 24 25 63
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981 50 61 81
Servinet
Rúa Progreso, 36
615 92 96 47

TALLERES

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981 50 56 12
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981 50 54 82



laboral contable fiscal sucesións tráfico seguros

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Axudas do IGAPE a proxectos de creación de empresas ou investimentos en empresas novas promovidos por novos emprendedores. Programa RE-EMPRENDE.

(DOG N°115 do 18/06/2012)

Beneficiarios: PEMES nas que o seu capital se atope participado pola suma de participación de persoas físicas que non estean realizando outras actividades por conta propia e achegas de entidades de capital risco e investidores privados adscritos a unha rede asimilable ás business-angels*; e que a data de alta censal non sexa superior a un ano. O orzamento subvencionable deberá estar entre 35.000 e 500.000 euros.

* (As business-angels son as persoas ou grupos de persoas que invisten unha parte do seu patrimonio no capital das Pemes. Tamén comparten a súa experiencia empresarial coa compañía obxecto do investimento. Principalmente realizan investimentos de carácter local en empresas con gran capacidade de crecemento ao tempo que supervisan e apoian a xestión e a evolución do proxecto).

Investimentos e gastos subvencionables: obra civil, bens de equipo (maquinaria, equipos informáticos, mobiliario, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, etc...), inmovilizado inmaterial (aplicacións informáticas, licenzas de fabricación, etc...), gastos de aprovisionamento, servizos de profesionais independentes precisos para vender un produto ou servizo, gastos de aluguer e gastos de informe de auditoría.

Contía: entre un 15% e un máximo do 50% dos gastos subvencionables.

Prazo: ata o 15 de novembro de 2012.

2. Axudas para o fomento da propiedade industrial

(DOG N° 80 do 26/04/2012)

Beneficiarios: Empresas de carácter privado con personalidade xurídica, con domicilio social ou centro produtivo en Galicia, sempre que os conceptos para os que solicita a subvención teñan aplicación directa nestes centros produtivos.

Gastos computables:

- Solicitudes de títulos de propiedade industrial e da súa renovación, ante as oficinas nacionais, rexionais ou internacionais. Inclúen: taxas dos citados trámites, gastos de consultoría externa asociados ó proxecto.

- Mantemento de títulos de propiedade industrial (renovación de marcas, nomes comerciais, deseños industriais e renovación e posta en marcha de patentes e modelos de utilidade). Inclúen: taxas, gastos de consultoría externa.

- Análises de rexistrabilidade de calquera título de propiedade industrial (invencións, creación de formas e signos distintivos). Inclúen: gastos de consultoría externa, condicionada á presentación da solicitude do título correspondente.

Contía: 70% dos gastos subvencionables, máximo 30.000 euros por beneficiario.

Prazo: ata o 15 de novembro de 2012.

Fiscal/laboral

RÉXIME DAS BONIFICACIÓNS Á CONTRATACIÓN TRALA PUBLICACIÓN DO REAL DECRETO LEY 20/2012.

Segundo a disposición transitoria 6ª do RDL 20/2012, queda suprimido o dereito das empresas á aplicación de bonificacións por contratación, mantemento de emprego o fomento do auto-emprego, nas cotas á Seguridade Social e, no seu caso, nas cotas de recadación conxunta, que se estiveran aplicando na data de entrada en vigor da citada norma, en virtude de calquera norma, en vigor ou derogada, na que foran establecidas.

O disposto no parágrafo anterior resulta de aplicación ás bonificacións nas cotas devengadas a partir do mes de Agosto de 2012; aplicándose, polo tanto, non só ás novas contratacións senón tamén ás bonificacións que actualmente se puideran estar gozando.

BONIFICACIÓNS QUE SE MANTENÉN:

- 1.- Contrato de traballo por tempo indefinido de apoio ós emprendedores.
- 2.- Contrato para a formación e o aprendizaxe, celebrados a partir do RDL 3/2012 e transformación en indefinidos destes contratos, calquera que fose a data da súa celebración.
- 3.- Transformación en indefinidos de contratos en prácticas, relevo e substitución.
- 4.- Contratos de interinidade que se celebren con persoas desempregadas para substituír a traballadores durante o descanso por maternidade, adopción e acollemento preadoptivo ou permanente ou que gocen da suspensión por paternidade.
- 5.- Autónomos colaboradores do cónxuxe, parente ata o 2º grao por consanguinidade ou afinidade: bonificación do 50%, durante 18 meses.
- 6.- Autónomos xoves que teñan 30 ou menos anos (35 anos mulleres) que se dean de alta no RETA: redución/bonificación 30%, durante 30 meses.
- 7.- Autónomos discapacitados: 50% durante 5 anos.
- 8.- Contratación de coidadores en familias numerosas, do sistema especial de traballadores do fogar.
- 9.- Suspensión ou redución de xornada, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou forza maior.
- 10.- Contratos celebrados con traballadores beneficiarios da prestación por desemprego para substituír a traballadores en formación.
- 11.- Contratación de persoas que teñan acreditada a condición de vítima do terrorismo, vítima de violencia de xénero, traballadores en exclusión social e discapacitados.
- 12.- Contratos de interinidade cos que se substitúan baixas por incapacidade temporal de discapacitados.
- 13.- Contratos con persoas con discapacidade, celebrados pola ONCE e os afectados pola bacteria E COLI.
- 14.- Determinadas relacións laborais de carácter especial.
- 15.- Fixos discontinuos no sector do turismo, comercio vinculado ó mesmo e hostalería.



**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

23 anos ao teu servizo, 154 socios que fan medrar a comarca.

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)





Para facerlles frente

**Gobernemos nós
a nosa terra !**

Francisco Jorquera

#EnBloquePodemos



O DEPORTE MELIDENSE CONQUISTA ESPAÑA

Ferreiro e Anido vencen no IV Rali de Galicia e fanse co Campionato Nacional de Históricos

“Somos uns enfermos do motor e iso é o que nos fai seguir diante”

A tempada non comezou nada ben; dous abandonos nas dúas primeiras probas fixeron asomar as pantasma de anos anteriores, nos que a mala sorte e os erros inoportunos se aliaron para afastalo do máis alto do podio. Pero Jesús Ferreiro non sabe o que é a resignación. Sobrepúxose aos contratemplos e logrou cinco triunfos, o último deles no Rali de Galicia (en Melide), que o levaron a revalidar o Campionato de España de Vehículos Históricos alcanzado en 2007. Segundo título nacional para el e primeiro para Javier Anido, copiloto e cómplice necesario dun triunfo que sitúa estes dous melidenses na historia do deporte local. Agora, repousadas xa as primeiras sensacións tralo éxito, falan para CERNE da súa vitoria ao tempo que abren as entrañas do Rali de Galicia, unha proba que crearon e viron medrar.



Javier Anido (copiloto) e Jesús Ferreiro (piloto), campións de España de Vehículos Históricos

-Cales son as sensacións un par de semanas despois de convertervos en campións de España?

-Jesús Ferreiro. (J.F.): As sensacións son inmejorables. Cando pasa todo e sae ben, xa te podes imaxinar... Era un título ao que lle tiñamos moitas ganas e ademais coincidiu que o conseguimos na casa e diante da nosa xente. Estamos moi contentos.

-Este título sabe mellor por conseguilo en Melide?

- J.F.: Penso que o saboreas máis cando estás fóra porque na casa sempre é un pouco máis fácil. Sábenos ben polo feito de que levamos tres anos intentándoo e os dous últimos con moito esforzo e moita mala sorte. Os campio-

natos anteriores escapáronse nos por fallos tontos que fan que te vexas impotente. Foi unha frustración continua. Este ano tampouco empezamos moi ben e ás veces desmoralizámonos, pero enganchamos outra vez, as cousas empezaron a saír ben e remataron da mellor forma posible.

- Javier Anido. (J.A.): Para min ganar aquí na casa non é algo que me satisfaga especialmente porque ao estar metido na organización non che permite disfrutar do título. Estabamos coa cabeza noutras historias. Por exemplo este ano, na entrega de trofeos, estaba máis pendente de que se fixeran as cousas ben ca do trofeo en si. Se estivese fóra

pois seguramente tería máis xente que me saudase, compañeiros doutros equipos... pero ese día estaba noutra onda.

-Para Ferreiro xa é o segundo título nacional pero para ti, Javier, é o primeiro. Que significa?

- J.A.: A día de hoxe é un título bonito, algo importante que conseguimos. De todas formas, cando Ferreiro ganou ralis ou campionatos eu tamén me sentín partícipe da súa vitoria aínda que non fose de copiloto, senón de asistencia ou simplemente a botarlle unha man. O que máis valoro é que demostramos un afán de superación, non só polo título senón polo rali que organizamos e por todo o traballo que fixemos, especialmente Ferreiro;

un traballo que ás veces é pouco recoñecido.

-Como foi o voso paso polo IV Rali de Galicia? Custou conseguir a vitoria?

- J.F.: Planteamos o rali intentando non asumir ningún risco. Eu sobre todo estaba moi preocupado polos pinchazos. O ano pasado pinchamos en Toques e sempre che queda o medo no corpo. Se volvese pasar, e coas circunstancias que tiñamos na carreira con Toño Saínz perseguíndonos, faríanos a vitoria practicamente imposible. Creo que empecei con demasiada precaución. Polo demais o coche funcionou perfecto, nós tamén e non houbo problema. Os tramos coñecíaos moi ben e sabía que se houbese que arriscar

forte nos dous últimos, non habíamos fallar. Sempre corremos con marxe de reacción.

- Temiches nalgún momento que Toño Sainz vos arrebatase a vitoria?

- J.F.: Toño Sainz traía o Rali de Galicia moi ben preparado e a verdade é que nos sorprendeu na primeira etapa da competición. Nós, co tema da organización, tampouco preparamos moito ese día. En 13 quilómetros sacounos case 20 segundos; iso é moito e fai que te deites pensando se correrá ao día seguinte igual ca correu no anterior. Pero despois fixemos o primeiro tramo de Toques, metémoslle case 10 segundos, e xa vimos que a cousa ía encamiñada. Decidimos seguir sen ir ao límite

O DEPORTE MELIDENSE CONQUISTA ESPAÑA

“Trouxemos o rali para Melide cunha ilusión enorme pero iso non abonda para mantelo aquí”

J. FERREIRO

pero tratando de sacar algunha vantaxe en todos os tramos. Nos da tarde xa tiña máis ou menos claro que salvo calquera problema grande, a vitoria era nosa.

-Correr na casa é xogar con vantaxe?

- J.A.: Para nada. Organizar o Rali é un hándicap moi grande para nós, desconcéntranos moito. Por exemplo o venres, cando saímos do tramo de Marroxo, eu fun cuns amigos pechar o tramo e poñer estacas e cintas. Nas saídas andaba pendente de se a xente estaba colocada ou non no seu sitio, as ambulancias, as grúas... Iso fai que non esteas ao 100% e que non te fixes ben nas reaccións do coche, no asfalto, en nada...

-Para chegar a ganar un campionato de España, a compenetración entre piloto e copiloto ten que ser absoluta. Como se consegue iso?

- J.A.: Eu teño ido a moitas terapias psicolóxicas e xa vou entendendo a este home (Ri). É moi complicado; aínda que sexas bo copiloto a compenetración ten que ser a base de rodar e de coñecer o coche. Ferreiro ten os mandos do automóbil pero eu, que vou ao lado, tamén vexo cousas e sei como pode reaccionar o coche, as inercias, ou por onde podemos atacar. Trátase de sentir o coche como se conducises ti.

- J.F.: É tan fundamental coñecer o copiloto como o coche no que estás montado. Eles teñen as armas para impoñerche un ritmo máis forte ou frearte un pouco... todo iso faino el. Por exemplo, eu intento ir sempre a fondo pero ao mellor non teño un día bo ou non

me adapto a ese tramo e el detecta que non vou ao límite. Entón empézache a cantar máis rápido, máis eufórico e xa parece que te anima. Ou bótache as bronca!

-Despois de lograr este campionato, seguiredes correndo xuntos?

- J.A.: Ai non, eu agora co título xa teño un caché elevado. Ou me sobe a nómina Ferreiro ou pensarei o que fago... (Ri)

- J.F.: Xuntos seguiremos, senón, para onde vai este? Quen o vai aguantar? (Ri) A verdade é que non sabemos como vai ser o futuro. A cousa está moi complicada a nivel económico e non o temos claro. O primeiro rali será o de Ávila, que é puntuable para o campionato europeo. Fainos graza correr porque te mides con pilotos de toda Europa. É un rali

“É complicado compenetrarse co piloto; tes que sentir o coche como se foras conducindo ti”

J. ANIDO

no que me gustaría estar aínda que non faga o Campionato de España. Entón é o típico: vas, falo ben, aparece algún patrocinador por aí e ao final vaste enganchando. A ver...

-Tendo un bo nivel, experiencia demostrada e títulos, por que custa tanto atopar patrocinadores?

- J.A.: Temos un problema de repercusión mediática. Ferreiro é moi coñecido en España e moita xente desprázase ao Rali de Melide para velo a el. Iso é moi meritório. Sen embargo, a repercusión que ten o rali non é proporcional ao espectáculo que xera nin á cantidade de xente que move.

- J.F.: na TVG moitas veces botan partidos de fútbol nos



ARTÍFICES DUN RALI EXEMPLAR

A Jesús Ferreiro e Javier Anido non só lles corresponden méritos deportivos. Eles son a alma mater do Rali de Galicia de Vehículos Históricos, que cada ano trae a centos de persoas e afeccionados á Terra de Melide. Creado en 2009, o que era “algo impensable” anos atrás converteuse en pouco tempo nunha das probas de referencia do mundo do motor. Esta edición bateu o seu propio récord de participación, con 82 equipos inscritos, o número máis elevado de todas as probas celebradas en España. O Rali de Galicia gusta: “hai pilotos que non corren o campionato nacional por falta de presuposto pero a Melide nunca faltan”, comenta Jesús Ferreiro. Pilotos, algúns deles internacionais, que “saben que somos unha formación modesta e que se sorprenden de que sexamos capaces de organizar isto”, asegura Javier Anido. Pero a organización ten un prezo moi alto e non só en termos económicos, senón tamén de esforzo e compromiso. Os apoios son insuficientes e todo o peso recae sobre o lombo de Ferreiro, Anido e un reducido grupo de voluntarios “que están xa moi queimados”. O Rali de Galicia vive da ilusión e “non sabemos canto aguantaremos así”. O futuro está no aire.

que hai 15 persoas na bancada. E agora chegas a este rali, que pode mover unhas 10.000 persoas, e non pasa nada. Iso é o que non entendemos. Aquí estiveron 80 participantes durante unha semana comendo e vivindo na comarca, ademais da xente que vén os días da competición.

- J.A.: Eu sempre digo que o rali é o San Roque do mes de setembro. A xente coñece Melide polo Camiño de Santiago, o pulpo e o rali. Sentimos que dende o concello e o comercio non se nos valora.

-Tendo en conta que hai moitos hándicaps, está asegurada a seguinte edición do Rali de Galicia?

- J.F.: non está nada asegu-

rado. Ninguén nos pide que o aseguremos. Non vai vir o concello e dicir que o rali se fará custe o custe. Coma sempre, haberá que empezar a chorar aquí e acolá e adiantar 4.000 ou 5.000 euros para o seguro, que despois xa veremos cando os recuperas, e así... O que temos é a base de ir pedindo polas portas e chega un momento en que te agobia. Seguimos adiante porque somos uns enfermos do motor e porque nos gusta de toda a vida.

- J.A.: Non nos damos de conta da importancia que ten este rali para Melide. Hai moitas organizacións en Galicia, máis fortes ca nós, que teñen moito interese en levalo. Nós estamos defendendo que quede aquí e non sei moi ben

por que. Ao mellor é cuestión de plantearse se merece a pena seguir. E se é certo que merece a pena, haberá que poñer uns condicionantes, sobre todo no referido ao financiamento. A nivel organizativo non tempos xente suficiente. Hai un grupo moi pequeno de persoas que xa están moi queimadas. Témoslles moito que agradecer. Se non fora por eles, sería imposible que o rali saíse adiante.

- J.F.: Traer o rali para aquí supuxo para nós unha ilusión enorme, pero despois de 4 anos iso xa non abonda. Chamáronnos da Coruña e ofrecéronnos un orzamento de 40.000 euros para levalo para alá. Se foramos xente normal o rali xa non estaba en Melide.



C/ Cantón de San Roque 9, Entpl.. B
15.800 MELIDE ((A Coruña)
Telf./Fax: 881 974 424 --Móvil: 607 677 288
E-mail: lineas@lineasestudio.com



- Informes de catastro
- Partición de herencias
- Medición y replanteo de fincas
- Informes periciales y valoraciones
- Proyectos de explotaciones ganaderas e industrias agroalimentarias

- Proyectos de reforma y acondicionamiento
- Decoración e interiorismo
- Estudios de obra
- Coordinación de gremios
- Informes técnicos
- Documentación técnica

www.lineasestudio.com



Síguenos en [facebook](https://www.facebook.com/lineasestudio)



**Cantón de San Roque, 11
MELIDE**

MELIDE NA CARREIRA CARA ÁS AUTONÓMICAS

PP: Axilizar a concentración parcelaria como base para o progreso do medio rural

A Conselleira do Medio Rural e candidata número 2 do PP pola provincia da Coruña, Rosa Quintana, visitou a Cooperativa Melisanto para coñecer de primeira man as demandas do sector gandeiro da comarca. Estivo acompañada polo presidente da Deputación, Diego Calvo, e membros do goberno local. Durante a visita, Quintana prometeu que unha das primeiras medidas que tomará o PP se repite no goberno da Xunta será poñer en marcha unha Lei de Mellora da Estrutura Agraria para axilizar as concentracións parcelarias e facer que o monte sexa produtivo. “Non se pode tardar 20 anos en facelas”, asegurou, “porque cando vas entregar os títulos a xente xa está xubilada, os fillos xa marcharon do pobo e o único que consegue é concentrar as terras e abandonalas ao día seguinte”.

> **O dato:** Dalia García, concelleira de xuventude en Melide, figura como suplente nas candidaturas do PP pola provincia da Coruña.

> **Mitín de campaña:** xoves día 11 ás 21:30 horas no Hotel Carlos 96.



Diego Calvo, Rosa Quintana e Ánxeles Vázquez

BNG: A defensa do ensino e a sanidade pública, eixos centrais do seu compromiso

O BNG concorre ás eleccións co convencemento de que é precisa “a reconstrución do desfeito ata agora”. Entre unha das súas prioridades figura a sanidade pública, para a que propoñen “frear as privatizacións e reforzar o Servizo Galego de Saúde como instrumento para superar a desigualdade”. Nunha liña semellante, prometen establecer unha política de bolsas e axudas en todos os niveis educativos do ensino “para asegurar a continuidade nos estudos de calquera alumno/a”. Entre as propostas para a comarca que esbozou Francisco Jorquera durante unha visita a Melide aos poucos días de ser nomeado candidato do BNG á presidencia da Xunta, figuran o apoio ao sector lácteo, o impulso do comercio de proximidade e a rehabilitación de vivendas como vía para fixar poboación.

> **O dato:** Xosé María Santín, voceiro do BNG en Melide, é o candidato número 17 nas listas dos nacionalistas pola provincia da Coruña. Xosé Iglesias, suplente.

> **Mitín de campaña:** sábado día 13 ás 21:00 horas. Lugar por determinar.



Xosé Iglesias, Francisco Jorquera e Xosé Mª Santín



Manolo Prado, Begoña Balado, Francisco Caamaño, Fernando Suárez e José A. Prado

PSOE: Facer unha política xusta para que os recortes non afecten aos máis débiles

O PSDG-PSOE cre que é o momento de “poñer de novo á xente no centro da atención” e volver facer da política “unha ferramenta útil para que os axustes non recaian sempre sobre os máis desfavorecidos”. Sen negar a necesidade da contención de gasto, apostan por incrementar os ingresos a través dunha fiscalidade máis xusta que non cargue só nos máis débiles o peso da recuperación económica. A loita contra a fraude fiscal sería outra das apostas en firme no caso de chegaren ao goberno da Xunta. Así o anunciou durante unha visita a Melide o candidato número 1 dos socialistas pola provincia da Coruña, Francisco Caamaño, quen asegurou que unha política xusta e eficaz debe contemplar a responsabilidade de quen causou a crise e a capacidade de “pagar máis quen máis ten”.

> **Mitín de campaña:** aínda sen data fixa, os socialistas están a organizar un gran mitín de carácter comarcal que terá lugar na última semana de campaña. Será no Colexio nº1 de Melide e podería contar coa presenza de Pepe Blanco.



Na mesa, Paulo López e Rafael Cuíña. Intervindo, Antonio Díaz

CxG: Rexeneración democrática, control da economía e avances no autogoberno

Compromiso por Galicia (CxG) preséntase por primeira vez ás eleccións galegas co convencemento de que a política tradicional está obsoleta e que é preciso artellar un novo proxecto dende o galeguismo. O partido, de recente creación, xa ten presenza en Melide, onde Antonio Díaz exerce como coordinador. A presentación oficial do grupo municipal de CxG realizouse o pasado 27 de setembro no Edificio Multusos e contou coa participación de Rafael Cuíña, cabeza de lista pola provincia de Pontevedra e unha das caras máis visibles do partido. No transcurso do acto esbozáronse as liñas ideolóxicas desta formación que propón, entre outras medidas, unha reforma da lei electoral que limite o mandato dos cargos electos e estableza un réxime de incompatibilidades claro. Outra das propostas é recuperar a misión reguladora do sector público nas economías e crear un Instituto Galego de Crédito para apoiar o tecido produtivo galego. Reclama unha reforma do Estatuto para blindar competencias e avanzar no autogoberno.

A escola infantil comeza o curso con polémica

Presuntas situacións de ilegalidade e acoso sobre o persoal, queixas dos pais e deficiente atención aos cativos, peticións de dimisión de membros do goberno e solicitude de desculpas á oposición, acusacións cruzadas entre BNG e PP... son só algúns dos ingredientes que aderezaron un dos inicios de curso máis polémicos na escola infantil de Melide.

En coincidencia co inicio das clases, o grupo municipal do BNG fixo unha denuncia pública sobre o funcionamento ilegal da escola na que aseguraba que os cativos estaban a ser atendidos só por tres persoas cando, de acordo coa normativa vixente, debería de haber seis. De acordo co expresado polo voceiro dos nacionalistas, Xosé María Santín Amo, tal situación foi provocada “polos caprichos de recorte de persoal da alcaldesa” e motivou a queixa de varios pais e nais que protestaron polos coidados “deficientes” que estaban a recibir os seus fillos.

Dimisión

O BNG acusou ademais ao goberno do PP de aplicar unha política de persoal “despótica” na escola infantil, de reducirle a xornada laboral a algunhas



Instalacións da gardería municipal, na Rúa Martagona

traballadoras de xeito “arbitrario”, e de crear un clima de presión sobre as empregadas e os pais para que non manifestasen publicamente o seu descontento. “Na escola infantil de Melide só hai baixas de profesionais por acoso e ansiedade, caos na organización e atención das aulas, ilegalidade na ratio de profesionais, e ameazas e presións sobre os pais para que non denuncien a situación”, explicou Santín Amo.

Por todo isto, os nacionalistas pediron a dimisión da concelleira de Igualdade e Benestar, María Jesús López Mourón, á que acusaron de

estar “allea ao problemas da escola” e de “dar mostras de incompetencia”.

Convenio colectivo

Sen valorar o caso concreto da gardería, o sindicato UGT denuncia que non hai igualdade de condicións entre os traballadores municipais e que se aplica a lexislación laboral “segundo a vontade da corporación”. Nunha reunión informativa cos empregados do concello, os responsables do sindicato aseguraron que “hai xente que facendo o mesmo traballo cobra un salario moito máis grande ca outra persoa no mesmo posto”. En relación

con isto cren urxente a negociación dun convenio colectivo.

Oposición destrutiva

Pola súa banda, o goberno municipal asegura que a escola infantil cumpriu a legalidade en todo momento e acusa ao BNG de crear confusión entre a veciñanza e facer unha oposición “pouco construtiva” e baseada en inxurias e calumnias, motivo polo que lle esixiron ao voceiro nacionalista desculpas públicas.

O PP mantén que a escola cumpre con número esixido de profesionais dende o principio do curso e que conta “con dúas mestras, tres educadoras e unha persoa de apoio coa titulación adecuada enviada polo concello debido a dúas baixas por enfermidade”. Ademais sinala que o número de matrículas se reduciu un 50% con respecto ao ano pasado e que iso foi o que motivou a redución de xornada a dúas traballadoras. Desbota que os cambios obedezan a “caprichos de recorte de persoal” e instan ao BNG “a que se achegue ao concello para informarse antes de verter acusacións infundadas e mentiras que prexudican aos veciños e veciñas de Melide”.

Luz verde ás pistas de pádel cubertas e á rede de pluviais no casco urbano

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade colaborar co Concello de Melide na construción das dúas pistas de pádel cubertas que se ubicarán no Pazo de Congresos e Exposicións. A institución provincial acordou achegar 50.000 euros, o 88,42% do orzamento total da obra. O Concello achegará os 6.500 euros restantes.

Por outra banda, están en proceso de contratación varias obras no casco urbano. Trátase da construción da rede de pluviais na Praza do Instituto e nas rúas Álvarez Carballido, Otero Predrayo, Taboada Roca e Amador Rodríguez. Ademais desta rede, tamén se procederá á canalización de pluviais na Avenida de Compostela. Estas obras, con 74.572 euros de orzamento, perseguen evitar os danos que sofren repetidamente moitos baixos e comercios cando se producen enchentes no inverno.

FOTO-DENUNCIA

Estación xeradora de lixo



Descoñecemos se para un contedor é motivo de orgullo estar canto máis sucio mellor. Algúns dos que hai en Melide levarían o primeiro premio en calquera competición, porque non só están cheos de lixo por dentro, senón tamén por fóra. De feito, ás veces non temos

moi claro se serven para recollelo ou para xeralo. Carteis de cantas cores hai, urinarios improvisados, cotra centenaria e mesmo soporte ideal para os bandos do concello. Non viría mal un lavado de vez en cando. Por iso de lavar tamén a imaxe que proxecta Melide.

Os ladróns intentan roubar sen éxito en dous establecementos da vila

Todo quedou nun susto, ou “nun aviso”, como sinala Ceferino Lobato, propietario da Cafetería Chaplin, pero o certo é que a preocupación se instalou neste establecemento do melidense Cantón de San Roque dende que intentaron rouballo por segunda vez en menos dun ano. A última foi na madrugada do 3 de outubro, día no que Ceferino Lobato atopou forzada e pinzada a persiana de entrada do local. Os ladróns non conseguiron acceder ao interior e nin sequera chegaron a soar as alarmas pero, por precaución, o dono do establecemento decidiu reforzar as persianas; unha medida xustificada tendo en conta que hai menos dun ano xa intentaran entrar no local, desta vez rompendo un dos cristais do fronte.

O caso da Cafetería Chaplin



A Cafetería Chaplin está nun dos lugares máis céntricos de Melide

non foi o único, pois os ladróns tamén intentaron entrar eses días na antiga Sala 600. O novo responsable do local cre deberon de bater un coche contra a persiana metálica para intentar rompela, xa que estaba metida para dentro. De

conseguiren acceder, poderían facerse cun importante botín: a sala está sendo reformada e dentro gárdase moita maquinaria de obra.

Os afectados por estas tentativas de roubo piden máis vixilancia e presenza policial.

A Xunta promete obras no colexio de Toques tras consumir a supresión de dous mestres

Nin a presión exercida polos pais nin as reunións mantidas a tres bandas entre a Xefatura Territorial de Educación, o Concello e a ANPA conseguiron botar atrás a decisión da Xunta de agrupar alumnos e suprimir mestres no colexio de Toques. O curso 2012/2013 comezou no centro con dous profesores menos e só tres unidades educativas; unha para Infantil e outras dúas para Primaria, onde se mesturan nenos de idades diferentes.

Tampouco foron efectivos os argumentos esgrimidos ante a Delegada Territorial da Xunta polo goberno local e os pais, que intentaron frear os recortes amparándose no incremento de matriculacións que se vén producindo nos últimos anos. Se no curso 2009/2010 só entrou un alumno novo no colexio de Toques, ao ano seguinte foron 3, no curso 2011/2012 foron 5 e este ano 8.

Por outra banda, o número total de alumnos mantense estable, aínda que resulta insuficiente para cumprir cos ratios establecidos pola Consellería de Educación. O con-



A Delegada da Xunta na Coruña reuniuse coa comunidade educativa

cello estableceu unha rolda de contactos con varios pais que levan os seus fillos a colexios de Melide pero as conversas non deron resultado: “hablamos con vecinos del municipio para que matriculasen aquí a sus hijos pero eso no se consiguió y por lo tanto no alcanzamos el número de alumnos requeridos en 4º, 5º y 6º”, sinalou o alcalde de Toques, Jorge Calvo. Se conseguisen tan só un alumno máis, a Xunta mantería o profesor de segundo ciclo de Primaria.

Bo nivel educativo

Jorge Calvo aproveitou a conxuntura para botar por terra os comentarios que cuestionan a calidade do ensino no Colexio de Toques. O alcalde deu a coñecer que se encargou recentemente un estudo para testar o nivel dos alumnos e que os resultados foron “excelentes”. Sen achegar datos concretos, asegurou que “los niños salen bien preparados” e engadiu que os resultados acadados polos escolares de Toques en moitas

materias “están por encima de la media y son mejores que los de otros colegios de la comarca”. Calvo desbota así o mito do fracaso escolar e confía en que o estudo sirva para que os pais do municipio aposten por matricular os seus fillos no colexio do concello.

Menos mestres, máis obras

A entón Delegada Territorial da Xunta, Belén do Campo, defendeu os recortes aplicados en Toques asegurando que se fixeron “respectando a calidade da escola e do ensino”. Segundo indicaron membros do executivo local, Do Campo sinalou que o agrupamento de alumnos é positivo porque motiva aos escolares de menor idade. Na reunión mantida coa comunidade educativa de Toques, comprometeuse tamén a realizar un seguimento “por se houbese algunha alteración na educación dos cativos”. Por outra banta anunciou que se levarán a cabo obras para a eliminación das humidades e das filtracións detectadas no colexio, mentres que o concello se encargará de dotar ao centro de conexión wi-fi.

FESTIVOS LOCAIS 2013

SANTISO

12 de febreiro
(Martes de Entroido)

13 de xuño
San Antonio (xoves)

TOQUES

15 de maio
San Isidro (mércores)

2 de setembro
San Antolín (luns)

SOBRADO

12 de febreiro
(Martes de Entroido)

20 de maio
(Luns de Pías)

MELIDE

12 de febreiro
(Martes de Entroido)

16 de xullo
Día do Carme
(martes)

O alcalde de Sobrado dá o salto á Deputación



Jacobó Fernández no momento da toma de posesión do novo cargo

O alcalde de Sobrado do Monxes, Jacobó Fernández, tomou posesión como deputado provincial o pasado 28 de setembro, un cargo que compaxinará co seu labor á fronte do goberno local, no que leva 13 anos. Fernández accedeu á cámara provincial como representante do Partido Xudicial de Betanzos logo da renuncia presentada por Dolores Faraldo, ata entón vicepresidenta da institución, para poder presentarse ás eleccións autonómicas. Aínda que a substitúe, Jacobó Fernández non ocupará de momento o cargo de vicepresidente.

Aprobadas as contas de Santiso para o ano 2012

As contas municipais son, sen dúbida, o principal punto de fricción entre goberno e oposición no concello de Santiso. Se no que vai de lexislatura a liquidación de exercicios anteriores e o déficit herdado/recibido provocaron repetidos enfrontamentos, desta volta foi a aprobación do orzamento para 2012 o que propiciou un novo punto de desencontro.

As contas para o presente ano precisaron dun pleno extraordinario para seren aprobadas. Na sesión ordinaria previa, celebrada o 12 de setembro, o alcalde decidiu deixalas enriba da mesa logo de que o PP impugnase ese punto da orde do día amparándose en que o executivo local realizara modificacións de última hora sen comunicalas.

Os cambios referíanse, en concreto, ao recurso presentado por un veciño do concello

contra o orzamento. O goberno local tiña pensado admitilo pero, logo de recibir un informe xurídico da Deputación, cambiou de idea e a última hora rexeitouno, unha modificación que non figuraba na documentación entregada ao PP: “que facemos aquí se nos dades unha información e logo presentades no pleno outra completamente diferente?”, protestou o voceiro popular, Ovidio Leiva, “sempre pasa igual, isto non ten precedentes. Estádesnos dando documentación falsa e sentímonos enganados.”

O alcalde, Fernando Suárez, rexeitou tal extremo e xustificou os cambios en que o informe da Deputación sobre o recurso chegara xusto o día antes da celebración do pleno: “as modificacións estanse lendo agora en voz alta; non podedes dicir que vos engana-

mos”, sinalou o rexedor.

Finalmente o orzamento, algo superior a 1,4 millóns de euros, foi aprobado 12 días máis tarde cos votos a favor do tripartito e en contra do PP, que alegou “incoherencias” malia seren admitidas as reclamacións que presentou. Os populares alegaron nun principio que a previsión de ingresos estaba sobrevalorada, ao superar nuns 50.000 euros a de 2011. O executivo local aceptou a alegación e modificou a previsión de ingresos á baixa, diminuíndo 20.869 euros, unha cantidade que compensou incorporando para gasto corrente 64.085 euros procedentes do plan DTC 94 da Deputación.

Os concelleiros do PP aseguraron non entender “por que dun día para outro hai que engadir 64.085 euros para gastos correntes cando xa estaban contemplados no orzamento”. Ao seu xuízo eses cartos “deberían de ser consignados integramente para realizar obras”.

Alegan contra a Rede Natura vixente para mitigar os efectos da ampliación

O Concello de Toques segue a buscar novas vías para reducir o impacto da Rede Natura na súa actividade económica e gandeira. É por iso que o pasado mes de setembro lle solicitou á Xunta de Galicia que rebaixe os niveis de protección das áreas do municipio afectadas. De seren aprobadas as modificacións propostas polo goberno local, desaparecería a actual “zona 3” e a superficie afectada por esta rede ecolóxica reduciríase nun 37%.

Na actualidade a Rede Natura ten tres niveis diferentes de protección en Toques: a “Zona 1”, que é a máis restrictiva e a que ocupa menor espazo; a “Zona 2”, cun nivel de protección intermedio; e a “Zona 3”, que implica menos restricións pero é a máis extensa. Segundo deu a coñecer o alcalde, Jorge Calvo, o concello solicitou “que la zona 1 pase a ser zona 2, que la zona 2 pase a ser zona 3 y que lo que hoy en día es zona 3 desaparezca”.

Con esta solicitude o goberno de Toques pretende curarse en saúde e atallar os efectos negativos que poida ter a anunciada ampliación da



Vista aérea da Serra do Careón, lugar de interese comunitario

Rede Natura, que elevaría a porcentaxe de superficie protexida do municipio dende o 41,7% actual ata o 61%.

Contradición

A petición formulada polo executivo toquense realizouse no marco do período de alegacións que abriu este verán a Xunta de Galicia (seis anos despois da delimitación da Rede Natura no concello). A corporación municipal considera “carente de lóxica e contradictorio” que nun momento no que se está planeando a ampliación da rede

“teñan aínda sen pechar a fase anterior”. Con todo, o concello aproveitou a oportunidade para solicitar que se relaxen as restricións das zonas afectadas e, chegado o caso de que se aprobe a ampliación, “hacer la Red Natura máis llevadera”, indicou Jorge Calvo.

A corporación municipal tamén acordou na derradeira sesión plenaria redactar un bando informativo e facerllo chegar aos alcaldes pedáneos para que os distribúan entre os veciños e dar así a coñecer as restricións de cada área e os núcleos afectados.

↓ Renuncian á paga extra

Os cargos electos do concello de Toques con dedicación exclusiva ou parcial renunciaron a cobrar a paga extra de Nadal. O acordo, que se fixo efectivo no pleno celebrado o 13 de setembro, realizouse “por solidariedade cos funcionarios”, segundo indicou o alcalde, Jorge Calvo. O equipo de goberno buscará agora fórmulas legais, como a bonificación por traballo, para poder repartir a súa paga de Nadal entre os funcionarios do concello. De non ser posible, os cartos destinaranse a fins sociais.

BREVE S ↑ Reixas para o multiusos

O Concello de Toques solicitoulle á Deputación da Coruña 5.698 euros para instalar reixas nas ventás do local multiusos de Souto. A petición, que se enmarca dentro dunha liña de axudas para fomentar a cultura, non gustou ao BNG. O seu voceiro, Ángel Penas, sinalou que se podía aproveitar a axuda “para fomentar a actividade na biblioteca, por exemplo, e non para poñer unhas reixas”. Por outra banda, o concello anunciou que investirá 19.200 euros en arranxar o Lavadoiro de Ínsua e outros.

Baixa o paro na comarca

As cifras de desemprego déronlle un respiro á Terra de Melide no mes de setembro. O paro retrocedeu notablemente, capitaneado polo concello de Melide, que rexistrou 44 parados menos. Seguiuno Santiso, con 13 menos e Sobrado con 3. Tan só Toques viu incrementada a súa lista de parados nunha persoa. En total, na Terra de Melide hai a día de hoxe 59 parados menos ca no mes de agosto. A comarca de Arzúa tamén presenta datos positivos, aínda que non tan alentadores: ten 18 desempregados menos.

Sobrado estrea gardería

O curso 2012/2013 comezou na provincia da Coruña con 9 escolas infantís máis. Un deses novos centros, coñecidos como A Galiña Azul e destinados a nenos entre cero e 3 anos, abriu as súas portas en Sobrado dos Monxes. Ademais, a finais de outubro está previsto que entre en funcionamento a gardería de Curtis. En Melide tamén se construíra unha Galiña Azul a través dun convenio da Consellería de Traballo e Benestar coa Fundación Amancio Ortega. Neste caso aínda non hai data de apertura.

ASÍ EMPREGARÁN OS CONCELLOS OS CARTOS DO PLAN DTC 94

SANTISO

.- **Asignación total: 197.668 €**

.- **Cantidade destinada a obras: 133.583 €**

> Inclúe a reparación das seguintes pistas e camiños: Souto-Silva, Chaín-Chorén, Chaín-Quinzán, Rairiz-Vide, Reboredo, Outeiro, Sestelo, Carballido e San Román (dende o límite con Melide ata O Castro).

Ademais repararase o asfaltado do Centro Médico de Visantoña e un tramo da pista Carballido - A Torre.

.- **Cantidade destinada a gasto corrente: 64.085 €**

TOQUES

.- **Asignación total: 172.968 €**

.- **Cantidade destinada a obras: 120.968 €**

> Inclúe a reparación das seguintes pistas e camiños: Pra-dos e outros (Paradela), Trandeiras (Brañas), As Carballeiras (Bragaña), Outeiro (Brañas), Mangoeiro - Cruce de San Xulián, Moede - Mangoeiro, Lamea - Cruce de Guillán.

Tamén se amañarán os accesos a varias vivendas en Pra-dos e Santa Uxía. Asfaltarase a entrada do campo de fútbol municipal e acometerase unha reparación das canalizacións pluviais no Cruce dos Curros e en Carreiras.

.- **Cantidade destinada a gasto corrente: 52.000 €**

MELIDE

.- **Asignación total: 287.932 €**

.- **Cantidade destinada a obras: 155.556 €**

> Inclúe a reparación e mellora das instalacións da piscina climatizada municipal.

.- **Cantidade destinada a gasto corrente: 132.376 €**

SOBRADO

O concello non facilitou datos

QUE É O PLAN DTC 94? É un programa de investimento posto en marcha pola Deputación da Coruña. Está dotado con 24 millóns de euros para repartir entre os 94 concellos da provincia, que poden decidir libremente en que gastan as súas respectivas asignacións: mantemento e arranxo de infraestruturas; compra de maquinaria, material ou vehículos, pagamento de proxectos, gasto corrente, custos de persoal... O reparto realízase de acordo cos seguintes criterios: un 10% de cota fixa, un 30% en función da poboación, un 30% segundo a superficie, un 10% de acordo co número de parroquias e un 20% o esforzo fiscal. Os 24 millóns de euros proceden da achega do Estado da liquidación definitiva do ano 2010 e das entregas a conta aprobadas polos Orzamentos Xerais do Estado.



**GALICIA
PRIMEIRO
VOTA
FEIJÓO
2012**

1º EN RESPONSABILIDADE, somos a comunidade co déficit máis baixo, co goberno que menos gasta en si mesmo **e imos seguir primeiro** con novas políticas responsables.

1º EN ESTABILIDADE, somos a comunidade coas contas públicas máis saneadas **e imos seguir primeiro** desenvolvendo o noso plan estratéxico económico, pioneiro en Europa.

1º EN EDUCACIÓN PÚBLICA, unha das tres comunidades con máis profesores por alumno, pioneira no ensino de idiomas **e imos seguir primeiro** sumando 3.500 prazas públicas de escolas infantís (0-3 anos).

1º EN AVANCES SOCIAIS, triplicamos o número de dependentes atendidos, creamos miles de prazas públicas de residencia e centros de día **e imos seguir primeiro** con 2.500 novas prazas para maiores.

1º EN SANIDADE PÚBLICA, renovando e construíndo hospitais e centros de saúde, innovando en atención sanitaria **e imos seguir primeiro** garantindo a diminución dos tempos de espera.

1º EN APOIO Á XUVENTUDE, temos a Universidade coas taxas máis baixas, maiores opcións de Formación Profesional **e imos seguir primeiro** apoiando as iniciativas de emprego dos mozos e mozas.

1º EN CRECEMENTO, ser a comunidade máis estable e solvente atrae investimentos e emprego, **e imos seguir primeiro** impulsando a innovación e a internacionalización para abrir novas portas.

1º EN MIRAR CARA O FUTURO, fixemos as cousas ben, antes que ninguén **e imos seguir primeiro**, crecendo e facendo crecer as túas oportunidades.

1º. O lugar onde está Galicia, onde a puxemos entre todos e desde onde xuntos imos seguir avanzando.


www.pp-galiciaconferencia.com
27 de outubro de 2012



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Tenda Tf-fax 981 505 723
Queixería tf 981 510 702
Balada – Visantóña
15809 Santiso
xebre@telefonica.net


Agora tamén xeados artesáns

S
SITO

MIL IDEAS EN ESCAYOLA

sito@escayolassito.es
Tfnos.: 981 505 951 - 650 713 063
Ronda de Pontevedra, 75
15800 MELIDE (A Coruña)

ISOVER
Soluciones en aislamiento
KNAUF
Soluciones de Interior



IMPRENTA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



HOTEL BALNEARIO
RÍO PAMBRE

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

Un producto para cada necesidad

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES

Desengrasantes. Ambientadores. Detergentes
para vajillas, suelos, paredes, cristales,
tapicerías

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL

Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones
para soldadura. Decapantes. Imprimaciones.
Protecciones antioxidantes. Desbloqueantes.

AUTOMOCIÓN

Anticongelantes. Champús y ceras de
lavado. Desengrasantes de motores.
Disolventes para brea y alquitrán.

CONSTRUCCIÓN

Desencofrantes. Plastificantes.
Acelerantes. Impermeabilizantes
de caucho, silicona

AGROPECUARIA

Detergentes para circuitos de
ordeño o tanques. Raticidas,
insecticidas (especial cucarachas)

PISCINAS

Algicidas. Floculantes. Correctores
de PH. Limpiadores de cerco.
Cloro. Desincrustantes.

CELULOSAS

Manteles, servilletas, toallas,
bobinas industriales y
domésticas



INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS

Exterminadores de insectos. Dispensadores de
ambientadores e insecticidas. Dosificadores de
jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...

GRAN FESTA INFANTIL EN CAFETERÍA ARRAIGOS

Cafetería Arraigos celebrou o pasado día 28 de setembro a súa primeira festa infantil. Os máis cativos participaron nunha sesión de maquillaxe na que aprenderon a caracterizarse como animais felinos. Xogos e regalos completaron unha tarde divertida na que tamén participaron adultos e numeroso público. Seguindo con esta tónica de celebracións, **Cafetería Arraigos** organizará festas temáticas dirixidas a diferentes públicos durante todos os meses de inverno. A próxima será un **Campionato de Playstation**, que terá lugar o vindeiro 11 de outubro. Do mesmo xeito, a última fin de semana do mes celebrará a **Festa da Cervexa**, con gran variedade de marcas nacionais e importadas.



CAFETERIA ATENAS

PIZZAS CASERAS

1. **ROMANA:** mozzarella, jamón codido, champiñones, tomate y especias... 7,50
2. **ATENAS:** mozzarella, chorizo casero, jamón serrano, tomate y especias.. 7,50
3. **ALEMANA:** mozzarella, bacon, salchichas, tomate y especias..... 7,50
4. **JAMÓN:** mozzarella, jamón cocido, tomate y especias..... 6,50
5. **MARIACHI:** mozzarella, salsa picante, chorizo
jamón serrano, tomate y especias..... 8,00
6. **MARINERA:** mozzarella, mejillones, anchoas, atún, tomate y especias.... 8,50
7. **BARBACOA:** mozzarella, salsa barbacoa, bacon, jamón y especias..... 7,50
8. **SALCHICHÓN:** mozzarella, salchichón casero,
atún, aceitunas, jamón, tomate y especias..... 8,50
9. **MAXIM:** mozzarella, piña, jamón, salchichón casero, tomate y especias.... 8,50
10. **CONDE:** mozzarella, atún, extra de queso, jamón, tomate y especias..... 8,50
11. **PETÓN:** mozzarella, chorizo, tomate y especias..... 7,00
12. **CUATRO QUESOS:** mozzarella, emmental, cheddar y gouda..... 7,00
13. **CAPRICHOSA:** mozzarella, aceituna negra
champiñones, jamón, bacon y especias..... 8,50
14. **MARGARITA:** mozzarella, tomate y especias..... 6,50
15. **ESTRELLA:** mozzarella, salchichas
aceituna verde, atún, tomate y especias..... 8,50

CELEBRAMOS CUMPLEAÑOS !!

LLEVANDO 2 PIZZAS PARA CASA

6,75 €/ und.

HAMBURGUESAS

BOCADILLOS

SANDWICHES

**PLATOS DE
PASTA**

CAFETERIA ATENAS

Teléfono: 981 50 72 80

Camiño Vello de Santiago, nº 6 Baixo
15800 MELIDE

LUNES CERRADO POR LA TARDE



En Melide



Cantón de San Roque s/n. 1º

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial

Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
Prado Rey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

Joyería Oro Ley



Taller

propio



**Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68**

**Os peregrinos tamén
len CERNE**



**O xornal local máis
internacional**

ANÚNCIATE!!!

663 68 73 22

Volver abrir a piscina custará 155.000 euros

Vázquez evita
fixar unha data
para a reapertura
e di que “xa non
depende de nós”

Volver a abrir a piscina climatizada municipal custará 155.556 euros. Esa é a cantidade, do total de 288.000 euros recibidos da Deputación a través do Plan DTC 94, que o goberno municipal decidiu reservar para poñer de novo en marcha as instalacións, pechadas dende mediados de xullo por deficiencias no seu funcionamento. O resto de cartos do plan, 132.375 euros, serán destinados para gasto corrente.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, explicou que se optou por darlle prioridade a esta obra “porque é a máis urxente e sanitariamente xa levaba dando moitos toques de atención”. O proxecto inclúe a reposición da carpintaría nos baños, nos vestiarios e no ximnasio. Tamén contempla a substitución dos condutos de climatización co obxectivo de controlar a temperatura das instalacións e



As máquinas do ximnasio foron trasladadas ao pavillón da Martagona

a humidade. Ademais, instalárase un acumulador de inercia para estabilizar o sistema de auga quente e a temperatura no vaso da piscina.

Do investimento total, que custará integramente a Deputación, 52.413 euros son para fontanería, 7.104 para facer demolicións, algo máis de 4.000 para o sistema de ventilación e o resto para carpintaría. Ánxeles Vázquez sinalou que con esta obra “non se trata de lavar a cara da piscina, senón de que cumpra todos os trámites normativos” e engadiu que “os políticos temos que tomar decisións e ver se facendo remendos contenta-

mos á xente ou solucionamos os problemas de verdade”.

Reapertura no 2013

Con estas palabras Ánxeles Vázquez xustificaba o peche das instalacións e a ausencia dunha data concreta para que a piscina volva estar dispoñible para os usuarios. Se inicialmente fixara setembro como o mes para a posible reapertura, agora sinala que a volta á normalidade “xa non depende de nós, senón dos trámites administrativos”.

O proxecto de reparación foi aprobado por unanimidade dos grupos políticos municipais no pleno celebrado o

pasado 26 de setembro, unha sesión na que estiveron ausentes 6 concelleiros (3 do BNG e 3 do PP). Posteriormente recibiu o visto e prace da Deputación e agora atópase en fase de contratación. Con respecto a isto, o voceiro municipal do PSOE, Manolo Prado, criticou que se optase por contratar a obra a través dun procedemento negociado e non aberto, unha vía “que permitiría aproveitar as baixas das empresas e aforrar cartos”. Unha vez que as obras se adxudiquen, terán un tempo de execución de tres meses. Sumando todos os prazos, a piscina climatizada terá que agardar ata o primeiro trimestre de 2013 para abrir de novo as súas portas.

Traslado de actividades

Coa piscina pechada, as máquinas do ximnasio foron trasladadas ao pavillón polideportivo da Martagona “para non provocar tanto prexuízo á xente que leva anos sendo socia”, indicou Ánxeles Vázquez. A alcaldesa asegura que se supliron todas actividades que se viñan realizando nas instalacións “a excepción das de auga, que eran as que menos demanda tiñan”.

O APUNTE

Ximnasia para unha vida con mellor calidade

Volve “Bule con Alcer”. Por terceiro ano consecutivo, unha das actividades máis exitosas e demandadas das que programa a Concelleira de Benestar ofrecerálle ás persoas con enfermidades crónicas a posibilidade de mellorar a súa calidade de vida a través da práctica da ximnasia. Dende o pasado 8 de outubro, 40 persoas participan neste programa que ofrece exercicios personalizados e adaptados á doenza de cada quen (osteoporose, artrose, asma, hipertensión...) co obxectivo de obter beneficios tanto a nivel físico como psicolóxico. As actividades impartirase no Telecentro de Melisanto durante un ano con clases de hora e media de duración tres días á semana. O programa é froito dun convenio entre a Deputación da Coruña e Alcer (Asociación para la Lucha contra Enfermedades del Riñón).

Na busca da harmonía entre viños galegos e aceites esenciais



A representante de aceites esenciais Oshandhi, Marina Ferreyra e Celia Casares

Casa Quinzán acolleu a mediados de setembro a última das propostas feitas por Casa Alongos dentro do seu espazo “Vinos y Sentidos”: todo un reto de mariadaxe no que se combinaron viños galegos con aceites esenciais de Oshandhi. A cata, destinada só para mulleres, serviu para presentar catro caldos de Casa Alongos: Corisca (un albariño ecolóxico), Memoria de Ventura (de Adega de Pinguela), Eloy Lorenzo (ribeiro) e Toalde (mencía). Todo elo ambientado polo suxerente aroma dos aceites e completado coas tapas saborosas da cociña de Casa Quinzán. Na vindeira cata, o 19 de outubro, presentará viños da nova carta.

Melide despide o verán co viño e a troula do San Caralampio



O San Caralampio non sería o mesmo sen a música da Banda do Peto

Despois de tantos anos homenaxeando ao San Caralampio con regos de viño e alegría polas rúas de Melide, non estaría demais que os propios festeiros se homenaxeasen tamén a si mesmos, pois poucas veces o matrimonio entre multitudes e viño foi tan ben levado como se leva nestas terras. Compañeirismo, música, bo comer e mellor beber foron os ingredientes esenciais dunha festa á que este ano acompañou o bo tempo. E cos últimos raios de sol, que levou consigo, díxose adeus ao San Caralampio é tamén ás festas do verán. Pero de seguro queda o recordo e as ansias de que axiña chegue outro máis.

Haberá segunda edición do “Festival de la Luz”

O temporal fixo cancelar toda a programación do segundo día

O “Festival de la Luz” volverá en 2013. Nin a auga nin o vento, que obrigaron a suspender todos os concertos previstos para a segunda xornada, foron quen de arrincar unha semente que xa predeu e que volverá a agromar o ano que vén a carón da casa que viu nacer a Luz Casal, en Boimorto. Era a propia artista a que, tras anunciar a cancelación das actuacións, adiantaba que o Festival de la Luz se volverá celebrar en 2013: “han sido muchos los colegas, como Rosendo y Amparo, de Dover, que han mostrado su ilusión por participar”, escribiu na súa páxina web. “Quiero deciros que todos se han comprometido a tocar el año que viene. Solo puedo, por tanto, invitaros a la segunda edición del Festival de la Luz”.

Ao día seguinte Farruco Castromán, de ZircoZine Music, unha das empresas organi-



Máis de 6.000 persoas vibraron coa música na xornada do sábado

zadoras, volvía confirmar a boa nova: “despois do bo sabor de boca que deixou a xornada do sábado non podiamos arriscarnos a que pasara algo malo o domingo. Decidimos suspender o festival pero xa coa idea na mente de volver en 2013 e de facelo con máis días e máis actuacións”. Haberá segunda edición e virá sen dúbida avalada polo éxito da primeira, que reuniu a máis de 6.000 persoas na xornada inaugural e cuxa recadación será doada á Asociación Espa-

ñola Contra el Cáncer.

O reencontro ca terra

A implicación do público foi total e absoluta. Miles de persoas vibraron coa música dos 15 artistas que desfilaron polos escenarios do “Festival de la Luz” ao longo do sábado e gozaron dun evento que tamén incluía na súa oferta un mercado vinculado á gastronomía galega e ao tecido produtivo do medio rural.

Un festival comprometido coa terra onde a estrela que

máis brillou foi a propia Luz Casal. A artista volveu á aldea que a viu nacer para actuar diante dun público entregado que se rendeu aos seus pés e que agradeceu con aplausos a iniciativa da cantante de traer a Boimorto un festival desas características. Emocionada, Luz quedou sen palabras no reencontro coas súas raíces: “quisiera deciros muchas cosas pero no me salen”, confesou ao inicio do concerto.

Os sentimentos expresáronse a través das súas cancións máis coñecidas ata que as palabras tamén fluíron e Luz falou en comunión co silencio, cunha marea humana que a escoitaba e coa noite que caía sobre a aldea de Orros: “neste campo que estades pisando naceron as miñas raíces. Isto é moito máis ca escoitar música”, dixo falando en galego para logo explicar, xa en castelán, que o Festival de la Luz “es un sueño cumplido y perseguido durante muchos años. Me habéis hecho muy feliz y no lo olvidaré en mi vida”, engadiu, “gracias a las 2.300 personas que viven en Boimorto y en toda la comarca”.

Os primeiros acordes da Banda Infantil de Visantoña

A tradicional Festa do Socio que a Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña vén organizando dende 1.991 tivo este ano un ingrediente moi especial: a presentación en sociedade da Banda Infantil.

Co pazo de Vilar de Ferreiros como escenario de privilexio e diante de numeroso público, soaron os primeiros acordes dunha formación “que garante o futuro do noso proxecto musical e cultural”, segundo expresou a directiva da asociación a través do programa de man entregado no concerto. Baixo a batuta de Santi García Mella e con arranxos de Michael Sweeny, os máis cativos deleitaron aos asistentes coas bandas sonoras de Ghost, Titanic, Piratas do Caribe e Tarzán.

A continuación actuou o Coro Infantil da Escola e de seguido o concerto da Banda de Visantoña puxo o broche final. Rematada a parte cultural, celebrouse a cea de confraternidade no salón principal do pazo de Vilar de Ferreiros. A festa prolongouse con música e baile para todos ata ben entrada a madrugada.

Aberta a matrícula

O curso 2012-2013 xa está en marcha na Escola de Música de Visantoña e o prazo de matrícula permanece aberto para todas aquelas persoas que queiran inscribirse nalgúnhas das seguintes especialidades ofertadas: canto, piano, linguaxe musical, coro, vento metal (trompeta, trombón, bombardino...), vento madeira (clarinete, saxofón, frauta...), danzas do mundo, baile galego, gaita, percusión tradicional, música e movemento, acordeón e pandeireta.

Quen desexe formalizar a matrícula poderá facelo chamando aos seguintes números de teléfono:

- 605 91 26 18 (Malena)
- 650 07 68 62 (Jose)

Os troiteiros solicitan a apertura do río Catasol

Despois de cinco anos pechado por mor de varios vertidos de purín e alcatrán, o río Catasol podería ser apto para a pesca a próxima tempada. Así o estima a Asociación de Troiteiros Río Furelos, que lle solicitou recentemente á Consellería de Medio Ambiente a reapertura deste curso fluvial. Os troiteiros amparan a súa petición nas últimas análises realizadas, que achegaron resultados positivos sobre a calidade das augas do Catasol, segundo confirma Xavier Pazo, presidente da asociación: “as mostras recollidas ultimamente demostran que o río xa está recuperado”.

A última palabra, non obstante, teraa a Consellería de Medio ambiente, que se pronunciará sobre o asunto a mediados de outubro, no marco da reunión do Comité Galego de Pesca para preparar a próxima campaña. De cumprírense as expectativas da Asociación Río Furelos, os

troiteiros poderían volver ás augas do Catasol a partir do próximo 17 de marzo, data fixada para o inicio da tempada de pesca, que se prolongará ata o 31 de xullo.

Precisamente para ter os ríos nas mellores condicións posibles de cara á próxima tempada, a asociación de troiteiros atópase inmersa nas tarefas de roce de camiños nas marxes do río, poda selectiva de árbores e retirada daquelas que caeron ao leito fluvial por mor das enchentes. Estas actividades, que poderían prolongarse ata o mes de novembro, completáronse coa limpeza de 1,2 Km do Martagona dentro da V Limpeza Simultánea “Móllate polos ríos”.

As mans á cabeza

A todo iso hai que sumar a oitava edición das xornadas de limpeza do río Furelos, nas que este ano, ao longo de catro xornadas desenvolvidas nos meses de agosto e setem-



Na derradeira limpeza do Furelos foi atopado un globo-sonda xaponés

bro, se recolleron arredor de 600 quilos de lixo. Destacou a aparición dun globo sonda fabricado en Xapón, un váter, bolsas con cans e gatos afogados, un rolo de herba seca e numerosos plásticos de silo, algo que Xavier Pazo cualifica como “inconcibible tendo en conta que agora hai servizo de recollida dúas veces ao ano”.

As xornadas deste ano foron

as máis internacionais de todas, xa que contaron coa participación de vinte mozos e mozas de oito nacionalidades diferentes que formaban parte do campo de traballo que acolleu Melide este verán. “Botaban as mans á cabeza porque non entendían o que a xente era capaz de tirar”, comenta Xavier Pazo, “e dicían que nos seus países iso non pasaba”.

Xoan Bascuas
A TÚA VOZ
Candidato á presidencia da Xunta de Galicia

VOTA

CxG
COMPROMISO POR GALICIA
www.compromisoxgalicia.org

 **MIS MEJORES LABORES** 
Avda. América, 3 MELIDE

Mercería y Complementos con **DESCUENTOS DEL 10%**

15 al 21 de octubre:

DIM PARIS

Sujetador, braga, calzoncillo

Unno

Bóxer y bragas

22 al 28 de octubre:

Planex

Braga, sujetador, 24 horas

Belcor

Sujetador

29 de octubre al 4 de noviembre:

abanderado

Calzoncillos y camisetas

avet set

Calzoncillos

5 al 11 de noviembre:

Selmark

Sujetadores y bragas

SK

Sujetadores y bragas

12 al 18 de noviembre:

avet

Bragas /

PRINCESA

Camisetas y bragas

Licenzas libres


Rafael Rodríguez Gaios, presidente de Melisa

Hoxe en día calquera usuario da rede convértese en autor de diverso material (artigos en blogues, fotos, vídeos, etc...). É polo tanto importante ter claros algúns conceptos sobre como distribuír os nosos contidos na rede.

Calquera creación queda cuberta polo Convenio de Berna e pola Lei de Propiedade Intelectual dende o intre en que se crea. Polo tanto, toda obra nace cos dereitos reservados e ninguén pode modificala, reproducila, ou mesmo gozar dela sen o permiso do autor. Cando publicamos a nosa obra na rede sen indicar o tipo de licenza, quedan reservados os dereitos.

As licenzas para contidos libres empregan o copyright para garantir ao receptor da obra que é o que se pode facer con ela, e que é o que non pode facer. Aínda que pareza que se están poñendo barreiras, en realidade estanse a abrir portas de xeito coidadoso para que o receptor poida ter a seguridade legal de que non está infrinxindo ningunha lei nin a vontade do autor.

O copyleft é un mecanismo legal que garante que calquera obra, unha vez publicada e xa fóra do control do autor, vai



seguir sendo libre e vaise manter a vontade orixinal coa que foi distribuída. Dito doutro xeito, existe para evitar que alguén se apropie da obra, cambie o tipo de licenza ou cree un produto pechado que non ofrezca os dereitos da cultura libre.

Isto último conséguese introducindo unha cláusula onde se indica que a licenza de toda obra derivada debe ser a mesma cá da obra orixinal. Estas licenzas tamén se coñecen como licenzas 'víricas'.

Creative Commons é unha organización internacional formada por especialistas en dereito de numerosos países

que se dedican a deseñar e avala un sistema de licenzas con ámbito mundial. As licenzas que propoñen fórmanse a partir de dereitos que o autor pode ir engadindo á súa obra. Por exemplo, o autor pode reservar ou liberar a atribución da obra (BY), o uso non comercial (NC), non derivados (ND), ou a redistribución baixo unha licenza compatible (SA). Na lexislación española os dereitos morais (autoría) son irrenunciabes, polo que o dereito de atribución é de cumprimento obrigado.

<http://softwarelibre.udc.es/gl/softwarelicenses>

A industria ambulante modernízase (I)

Xosé Núñez López

Eran as seis da tarde do día 2 de agosto cando oín na rúa un asubío que dende a miña xuventude non volvera escoitar na aldea. Provocou en min unha ledicia sen límites e a lembranza duns anos que non volverán. Aquel misterioso son, que cada vez soaba máis forte, non era outro ca o do chifre dun afiadador.

Erguinme rapidamente do ordenador e saín fóra ao seu encontro. Xa na rúa levei unha sorpresa cando vin que o son do chifre do afiadador saía dun aparello que ía na parte alta dianteira dun automóbil de matrícula ourensá, por certo. Entón pensei para min: “xa está! Un afiadador ourensán motorizado!”. Eu xa os vira en moto algunha vez, pero en coche era toda unha novidade. Foi tal a emoción, que me arrisquei a facerlle sinal para que parase cando o certo é que eu non tiña ningunha ferramenta que afiar.

O afiadador, seguramente pensando que ía ter traballo, parou de seguido. Tivo sorte, porque aínda que eu só tiña gana de falar con el para saber como era iso de afiar nun automóbil, enfrente da miña casa está o Súper Isabel e a súa

dona deulle un bo lote de aparellos para afiar. Pero eu, a quen os desexos de saber cousas fan ser imprudente nalgúns ocasións, saudei ao home cun “que, ourensán, claro”. E ata sentín algunha vergoña cando me contestou con toda amabilidade: “non, canario”. Pois perdoe vostede, pensei para min, pero como ese chifre sempre llo oíra tocar aos ourensáns que viñan ca roda de afiar, primeiro, e despois ca moto...

Xuntámonos arredor do automóbil-afiador varias persoas maiores para ver a novidade, pero para min o máis importante dende o punto de vista antropológico foi a curiosidade que espertou en dous rapaces novos da parroquia de Ribadulla que se interesaron fondamente por ver como o home afiaba varios obxectos.

Pero eu aínda tiña máis ganas de saber como fora iso de que un canario se fixera afiadador e atrevínme a preguntar. Foi entón cando o home, con grande amabilidade, me contou a historia da súa vida. Merece ser contada, máis será un tema que reservarei para o próximo artigo. Agardo que os lectores saiban agardar.

Os días 7 e 8 de setembro tivo lugar unha actividade na aldea de Albá (Palas de Rei) co título Son d'aldea. Debido á mente inquieta de Xosé Luis Carreira Valín, que trataba de organizar algún tipo de actividade que se encadrase no medio rural co fin de dignificalo e, sobre todo, que mostrase que o rural é un lugar vivo, con persoas activas e con oportunidades múltiples, naceu a primeira edición de Son d'aldea no 2011. Implicou a amizades como a compañía teatral Metátese de Palas de Rei e a múltiples amigos dispostos a colaborar. O máis importante é que tamén convenceu para participar aos veciños da aldea, é dicir, volvelos protagonistas para que así a actividade fose da aldea e non só do espazo ecoagroturístico no que nace, como é Arqueixal.

Este ano abriuse Son d'aldea cunha xornada debate baixo o lema “oportunidades

no rural”, coordinada polos antropólogos Xerardo Pereiro (UTAD) e Santiago Prado Conde (Uvigo). Os oradores foron José Manuel del Barrio (Decano da facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Salamanca), Lourenzo Fernández Prieto (Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago) e Luís Vale (Profesor da Universidade Fernando Pessoa). Tres especialistas contrastados internacionalmente que presentaron as súas reflexións; a continuación produciuse un rico diálogo entre os especialistas e as persoas que ateigaban o Parladoiro, na súa maioría veciños da aldea e persoas chegadas de distintos puntos do país. Un debate tan significativo e democrático no

Son d'aldea

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

que todos aprendemos coas reflexións dos científicos sociais, as cavilacións de persoas situadas alén da academia e o intercambio xerado.

A xornada deste primeiro día tamén contou cunha presentación de Sandra González (Universidade de Barcelona) sobre o seu proxecto de investigación sobre o proxecto ecoagroturístico Arqueixal, cunha presentación fotográfica comentada do fotógrafo Carlos Valcárcel sobre o rural galego das décadas 1960-1980, cunha escenificación do alumnado da Escola Superior de Arte Dramático de Vigo, e cunha cea animada polo grupo Buxaina.

O sábado tivo lugar a xornada estrela, unha ruta teatral que este ano se dedicou á escenificación da vida cotiá dos

anos corenta e cincuenta do pasado século. Os actores principais, baixo a colaboración da compañía Metátese, foron os veciños da aldea. En grupos de arredor de 25 persoas durante tres horas de duración foise circulando por distintos espazos da aldea e dos seus arredores; un percorrido que fixo gozar tanto aos adultos como aos nenos, algo nada doado. Ademais, incluíuse tamén un xantar conxunto degustando unicamente alimentos producidos na aldea e na xornada de tarde xogos populares, artesáns, contacontos, actuacións musicais, etc.

Comparto cos lectores do Cerne a xornada Son d'aldea porque supón unha novidade na dinamización do medio rural, mediante a súa proxección

e dignificación a través da participación activa da cidadanía, principalmente dos directamente implicados, os veciños da aldea. Supón tamén unha reflexión sobre as novas ruralidades no presente e un diálogo e recoñecemento da heteroxeneidade e diversidade do medio rural como un espazo no que viven persoas dinámicas, activas e con moito que mostrar, ademais de que racha cos estereotipos e estigmas sobre o rural en xeral.

Con máis de medio milleiro de participantes, o máis significativo é que foi unha xornada interxeracional, na que estiveron presentes nenos, xoves, adultos e maiores. Converteuse no que hoxe debe demandarse de calquera actividade: que todos aprendan con todos. Unha actividade que xera cohesión social en tempos de incerteza e demostra que se poden xerar actividades inclusivas socialmente.

ALBERTO MEJUTO LÓPEZ, EL MUNDO DEL PINTOR

“O labor de aconsellar ao cliente é un traballo diario que facemos con gusto”

“Que podo facer con isto? Quero xuntalo para que saia unha cor mate”, pregunta un cliente que chega con dous botes de pintura. “Mesturar todo e botarlle auga máis pintura branca ata atopar o ton que ti queres. Tes dúas bases transparentes e vaicho aceptar”, explican ao outro lado do

mostrador. É unha conversa típica na única tenda de Melide especializada na venda de pintura; “El Mundo del Pintor”, un lugar onde profesionais e particulares atoparán bos produtos a prezos económicos e o sabio consello de quen o leva atendendo dende hai un ano e medio: Alberto Mejuto.

-El Mundo del Pintor é un nome bastante indicativo. Cómpre engadir algo máis á definición da súa tenda?

-Alberto Mejuto. (A.M.): É un establecemento que pertence ao grupo Industrias Químicas Gallegas especializado na venda de pintura e onde profesionais e particulares poden atopar todo o que necesitan, incluídas ferramentas e maquinaria. Toda a pintura que vendemos é fabricada por nós mesmos e iso permítenos ter unha boa relación calidade-prezo. Por outra parte, procuramos sempre asesorar e axudar ao cliente con todas as dúbidas que lle xurdan á hora de pintar.

-Como de ampla é a variedade de pintura que venden?

- A.M.: Aquí hai pintura de todo tipo: para interior, para fachadas, para o chan, para canchas de tenis, pintura de imitación a pedra, vernices, esmaltes de efecto madeira... temos todas as variedades posibles. E a iso hai que engadir que dispoñemos dunha máquina tintométrica que nos permite ofrecer unha gama de 7.000 cores diferentes no mesmo momento da compra. O cliente chega á tenda, ensinámoslle unhas cartas de cores, escolle o que quere e en cinco minutos ten listo o bidón de pintura.

-Á marxe da pintura, que outros artigos pode atopar o cliente en El Mundo del Pintor?

- A.M.: Tamén temos papel pintado e tarimas, ademais dos utensilios necesarios para pintar: pinceis, rodillos, espátulas, peites para raiar, toda clase de cintas, produtos químicos ou pastas para gretas. Xa no ámbito dos pro-



Alberto Mejuto na tenda de “El Mundo de Pintor”, situada na Avenida de Lugo

fesionais, vendemos tamén maquinaria como pistolas, compresores, xirafas pulidoras, aspiradoras... hai un pouco de todo.

-Supoño que con tanta clase de pintura e ferramentas, ademais de vender tamén ten que facer un labor didáctico...

- A.M.: Asesorar ao cliente é unha parte importante do traballo. O profesional teno claro pero o resto da xente, en xeral, anda un pouco perdida: non sabe que pintura meter para cada superficie, descoñece os disolventes ou como tratar problemas que lle aparecen na casa, por exemplo coa humidade. Aquí explicámoslle todo e facémoslle recomendacións. O labor de aconsellar é un traballo de todos os días que facemos con gusto.

- Voulle pedir un consello entón. Que hai que facer para que a pintura dure e quede ben?

- A.M.: O primeiro de todo, mercar a pintura axeitada para cada tipo de superficie. Logo, saber rebaxala, saber preparar a base antes de pintar e darlle un fixador bo. Sexa pintura, verniz ou esmalte, sempre os hai que rebaxar. Esa é unha regra de ouro. Iso si, se mercas un caldeiro de 15 litros de pintura e che vale 10 euros, escúsalos rebaxar porque xa é auga soa.

-En tempos de crise, o cliente mira máis o prezo ou a calidade da pintura?

- A.M.: Nós movémonos entre os 17 e os 90 euros e podo dicir que pinturas de menos de 30 véndense poucas. Á xente non lle entran

polo ollo porque quere produto bo. Non é o mesmo ter que pintar unha vez cada ano ca pintar e esquecerse por unha tempada longa. No caso dos profesionais, o 90% vaise á pintura de máxima calidade.

-Que é o que máis se está vendendo agora?

- A.M.: As pinturas elásticas están tendo moita saída. É unha pintura especial para fachadas que en seco é coma un plástico; estira. Se saen gretas ou fendas a pintura non as deixa ver. Vai moi ben para as fachadas que teñen problemas de humidade ou ás que lles pega o inverno. A día de hoxe é do mellor que hai.

-Saen moitas novidades no mundo da pintura?

- A.M.: Este mundo avanza constantemente; mesmo os

“Cada 3 meses sacamos ofertas tanto para os profesionais do sector como para particulares”

“É fundamental mercar a pintura máis axeitada para cada tipo de superficie e saber rebaxala”

químicos nas nosas fábricas están investigando a diario. Iso fai que por exemplo, no noso caso, xa vaíamos un paso por diante con respecto á inminente prohibición dos disolventes tradicionais. Nós ofrecemos xa produtos con base auga, da mesma calidade e menos tóxicos. Adiantámonos á maioría de fábricas. Agora sacamos un produto novo para limpar manchas en calquera tipo de superficies que está tendo moito éxito.

-Aplican algún tipo de descontos ou ofertas?

- A.M.: Sacamos ofertas cada tres meses, tanto para profesionais como para particulares. Pódense consultar nos catálogos que temos na tenda. Inclúen pintura, material, ferramentas, maquinaria e regalos de diferente tipo.

PEÑA DEPORTIVISTA CERNE BRANQUIAZUL



Máis información en:

facebook

PenaDeportivistaCerneBranquiazul

Próxima inauguración Martes 23 de outubro

Nace unha peña deportivista en ABOA VIÑA!!!
Todas as persoas que queiran formar parte dela poden anotarse xa neste local da zona dos viños. A inauguración oficial será o próximo martes 23 de outubro. Contaremos coa presenza de membros da plantilla e tamén da xunta directiva deportivista! Ademais acompañaranos o Grupo Folclórico Castro Curbín!

**.. E NON PERDAS A TEMPADA DE OUTONO EN
A BOA VIÑA, CON DEGUSTACIÓN DE VIÑOS
TODOS OS VENRES**

- > VENRES 12 DE OUTUBRO: RIOJA RESERVA **BARÓN DE OÑA**
- > VENRES 19 DE OUTUBRO: RIOJA RESERVA **VIÑA ARDANZA**
- > VENRES 26 DE OUTUBRO: RIBERA DEL DUERO **PRADOREY**



**TODAS AS FINS DE SEMANA
CELEBRAMOS FESTAS COA
MELLOR MÚSICA ACTUAL.**

DJ GABY SHOCK

OS LOCAIS DE MODA NA MOVIDA MELIDENSE